

1. **Nome** : Xavier Queipo (pseudónimo literario)

2. **Lugar e ano de nacemento** : Santiago de Compostela, 9 de decembro de 1957

3. **Traxectoria Profesional**: Licenciado en Bioloxía (1974-1979) e Medicina e Cirurxía (1975- 1982) pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor invitado na Facultade de Ciencias de Porto (1986-1987) e na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela (2000-2002). Dende 1989 vive e traballa en Bruxelas onde desenvolve a súa actividade profesional e onde ten como linguas de traballo cotián o inglés e o francés. Dende 1990 escribe e publica regularmente en galego. Membro do Grupo de opinión “Couto Mixto”, colabora na páxina de “Vieiros”, na Revista Galega de Cultura “Grial” e no Semanario “A Nosa Terra”. Actualmente traballa en colaboración con outros dous autores na tradución ao galego do “Ulysses”, de James Joyce. Desde 2005 é vogal de relacións internacionais da Asociación de Escritores en Lingua galega (AELG).

4. **Títulos publicados**:
 - a) Libros individuais: “Ártico e outros mares” (Edicións positivas, narrativa breve, 1990, hai tradución portuguesa, 1998, está sendo traducido ao francés); “Diarios dun nómada” (Edicións positivas, diarios, 1993); “Ringside” (Sotelo Blanco edicións, contos, 1994); “Contornos: Apuntes de filosofía natural” (Edicións Xerais de Galicia, microensaio, 1995); “O Paso do Noroeste” (Sotelo Blanco edicións, novela, 1996, hai contrato asinado para a tradución en castelán con Ézaro edicións, previsto para 2009); “Mundiños” (Edicións Xerais de Galicia, microensaio, 1997); “Malaria sentimental” (Sotelo Blanco edicións, novela, 1999; hai contrato verbal para a edición en castelán con Brinte edicións, previsto para 2009); “Manual de Instrucións” (Edicións Xerais de Galicia, microensaio, 1999); “Papaventos” (Edicións Xerais de Galicia, novela, 2001, hai tradución portuguesa, 2003 nas edicións Deriva); “Nos dominios de Leviatán” (Colección “Tambo” da Deputación de Pontevedra, poesía, 2001); “O ladrón de esperma” (Edicións Xerais de Galicia, contos, 2001); “Os ciclos do bambú” (Editorial Galaxia, contos, 2003, traducido ao portugués por Deriva edicións, 2005); “Glosarios” (Edicións Espiral Maior, poesía, 2004), “O Espello e o Dragón” (Edicións Xerais de Galicia, literatura infantil, 2004), “Pegadas” (poesía, co-edición do Concello de Santiago de Compostela e o xornal “El Correo Gallego”, 2006), “Dragona” (Edicións Xerais de Galicia, novela, 2007, hai tradución portuguesa, 2008, Deriva edicións); “Caderno da Revolución Cultural (Edicións Laiovento, crónicas radiofónicas, 2007), “Saladina” (Editorial Galaxia, conxunto de relatos, 2007), “A illa dos cangrexos violinistas” (OQO edicións, literatura infantil, previsto no plano editorial para 2009) e Cartas Marcadas (Editorial Galaxia, ensaio, previsto no plano editorial para 2009).

- b) Traducións do francés (en colaboración): “Mon valet et moi” e “Cytomegalovirus” de Hervé Guibert (Edicións Xerais de Galicia, novelas curtas, 1998); “Le Periple de Baldassare”, de Amin Maalouf (Edicións Xerais de Galicia, novela, 2000) .
- c) Traducións do inglés: “Typhoon”, de Joseph Conrad (Sotelo Blanco edicións, novela, 1998); “Ulysses”, de James Joyce (en colaboración) (Editorial Galaxia, novela, en preparación); “Fragmentos de Interviews with hideous people”, de David Foster Wallace (Revista das Letras, Compostela, 2008).
- d) Libros colectivos: “Manual e escolma do relato galego” (Sotelo Blanco edicións, contos, 1995); “Berra liberdade” (Editorial Galaxia, contos, 1996); “Narradores de cine” (Edicións Xerais de Galicia contos, 1996); “Unha liña no ceo” (Edicións Xerais de Galicia contos, 1996); “Minirrelatos” (Librería Cartabón de Vigo, narrativa breve, 2000); “Galicia a través do espello” (Compostelán, narrativa breve, 2000); “Materia prima” (Edicións Xerais de Galicia relatos, 2002); “Na radio” (Edicións Xerais de Galicia relatos, 2003); “Sempremar: cultura contra a burla negra” (colaboracións literarias en prosa ou verso, 2003), “Olladas Oceánicas na Arte Contemporánea” (Museo do Mar de Vigo, colaboracións literarias, 2003); “No País de Nunca Máis” (Editorial Galaxia, reportaxe, 2003); “Poetas e Narradores nas súas voces” (Consello da Cultura galega, 2006); Rederijkerskramer ‘t Mariacranske, 500 jaar aan het woord (en holandés, Roularta books, 2006); “20 Gedichte aus Galicien” (Edicións Espiral Maior, edición bilingüe Galego-Alemán, 2007); “Poets gallecs d’avui” (Llibres del Segle, edición bilingüe Galego-Catalá, 2008, compilador, prologuista e poeta xunto a Fátima Rodríguez); “From the begining of the Sea” (Foreign Demand, Anthology of Contemporary Galician Short Stories, 2008)
5. **Premios e recoñecementos**: Premio de Crítica Española de narrativa, por “Ártico e outros mares” (1990); Premio García Barros de novela, por “O Paso do Noroeste”, (1996) e Premio Café Dublín de narrativa, por “O ladrón de esperma” (2000).
6. **Participación en eventos literarios nacionais e internacionais**: Xurado dos Premios da Crítica Galicia na especialidade de Narrativa (Vigo, 2001), Performances literario musicais, integrado no colectivo “Rio Lagares” co espectáculo “Unha noite con Carpentier” con mestura de textos propios, de Alejo Carpentier e música (Pontevedra, 2001 e Vigo 2004); Como conferenciante ten lido textos, dado charlas ou participado en coloquios nas Universidades de La Habana (1995), Oxford (1995); París-Sorbone (2005), Madrid Complutense (2005) e Cork (2008). Poñente no XXI Encontro de escritores galegos, vascos e cataláns, co texto “As cidades soñadas” (Ourense, 2004); Poñente nas V Correntes d’Escritas, co texto “A ficção, fabrica de realidades” (Póvoa de Varzim, 2005); Poñente nas VI Correntes d’Escritas, co texto, “Algumas considerações sobre literatura e blogosfera” (Póvoa de Varzim, 2006); Poñente no I Encontro Literatura em Viagem, co texto “Que faço eu aqui” (Matosinhos, 2006); Poñente no XXIII Encontro de escritores galegos, vascos e cataláns, co texto: “O tabú

nas relacións” (Pamplona, 2006), Poeta invitado no II Encontro de poesía e poéticas galega, occitana e catalá (Toulouse, 2006); Poñente nas III Xornadas “Letras na raia”, co texto “Literatura e cinema como expresións poéticas” (Pontevedra, 2007); Presente na Feira do Libro de Franckfurt para a presentación na feira e nunha librería da cidade do libro “20 Gedichte aus Galicien”; Poñente no XXV Encontro de escritores galegos, vascos e cataláns, co texto: “Por unha topoloxía do eu escritor” (Valencia, 2008).

7. **Outras informacións de interese:** Colaborou ou colabora en suplementos literarios e revistas como: *A Nosa Terra*, *Alquimia*, *Animal*, *Arraianos*, *Avril (Luxemburgo)*, *Compostelán*, *Correntes (Portugal)*, *Dorna*, *Escrita Contemporánea*, *Fanzine 1+1+1*, *Grial*, *Luzes de Galicia*, *Mealibra (Portugal)*, *O Correo das Cuturas*, *Renova Galicia*, *Revista das Letras de Galicia Hoxe*, *Inzar*, *Tempos Novos*, *Página Abierta*, *Trilateral*, *Sitio (Portugal)* e *Valiun Diez*. Texto para a carpeta “Esbirros” en colaboración con el pintor Isaac Pérez Vicente (1993). Texto bilingüe Galego-Inglés, para o libro “Sealed/ Caso pechado”, do fotógrafo galego Ce Tomé (Brinte edicións, 2008). Un texto teatral “Diálogos macanudos” foi presentado na “Sala Nasa” de Santiago como parte da programación “Alternativa 2000”. Dende setembro de 2005 deica setembro 2008 leu a súa contribución semanal “Diario da Revolución Cultural” na Radio Galega. Algúns dos seus amigos deseñaron a páxina www.xavierqueipo.com. Dende Marzo 2006 forma parte do Dichterscollectief van Brussel (é un dos catro poetas oficiais de Bruxelas), realizando varios recitais poéticos en Bruxelas e Antwerpen. Actualmente traballa xuntos os outros membros do Dichterscollectief no proxecto da “Constitución Europea dos poetas”. Co-autor con dous escritores flamengos e dous valóns do proxecto “Zennescennes”, relato plurilingüe sobre o río de Bruxelas, un proxecto de Beschrijf (Bruxelas, 2007). Entre Abril de 2007 e abril de 2008 mantivo unha sección de literatura, “Cartas Marcadas”, na páxina web do Consello da Cultura Galega (www.culturagalega.org). Co-autor dos textos e as fotografías da exposición “Onde o mundo se chama Terranova”, Museo do Mar de Vigo (abril / setembro 2008). Escritor convidado para o proxecto de ciencia e arte, “Neuston”, Barcelona 2008-Vigo 2009..
8. **Nota final:** Outras publicacións sobre temas de bioloxía ou terminoloxía científica asinados co nome propio do autor non se inclúen nesta ficha, que é estritamente literaria.

9. Contactos

- Enderezo postal: Francisco Javier Vázquez Álvarez (se poñedes Queipo os carteiros non entregan os envíos)
- Enderezo electrónico: xavierqueipo@hotmail.com
- Teléfono en Bélxica: 00-32-(0) 485.152.844
- Teléfono en Galiza; 00-34-625.27.2767